

# INNOVA PEME

2019

Axudas para a  
**competitividade**  
a través da **innovación**

INNOVA  
PARA  
COMPETIR



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA



## DESCRIPCIÓN/OBXECTIVOS



Axudas ás pemes para o financiamento de actividades integradas en **plans de innovación** que lles permitan sistematizar os procesos de innovación da empresa e estean aliñadas coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia.

## BENEFICIARIOS:



Micro, pequenas e medianas empresas.

## CONDICIÓN DOS BENEFICIARIOS



• **Microempresas, pequenas e medianas empresas individuais**, de acordo coas definicións do anexo I do Regulamento (UE) núm. 651/2014

(<https://www.boe.es/doue/2014/187/L00001-00078.pdf>)

• **Domicilio social ou centro de traballo en Galicia**, onde deberán desenvolver as actividades para as que se solicita a axuda.

## MÁIS INFORMACIÓN



<http://gain.xunta.gal>

[servizos.gain@xunta.gal](mailto:servizos.gain@xunta.gal)

981 957 008

881 999 529

Axencia Galega de  
Innovación (GAIN)

Rúa Airas Nunes s/n. 15702  
Santiago de Compostela

## INTENSIDADE DA AXUDA



**Orzamento do plan de innovación:**  
mínimo 80.000 e máximo 200.000 €

**Subvención:**  
50% dos custos de desenvolvemento do plan de innovación na empresa (axudas de 40.000 a 100.000 €)

**Dotación orzamentaria da convocatoria:**  
2.800.000 €

## MÁIS DATOS



**Data de publicación no DOG:**  
8 de febreiro de 2019

**Plazo de presentación de solicitudes:**  
Ata o 8 de abril de 2019  
(dous meses dende a publicación no DOG)

**Presentación solicitudes:**  
<https://sede.xunta.gal>

**Organismo gestor:**  
Axencia Galega de Innovación

**Tipo de apoio:**  
Axuda a fondo perdido

**Código do procedemento:**  
IN848D





### Plans de innovación

As empresas solicitantes presentarán un plan de innovación segundo se detalla no anexo IV da convocatoria. Este permitirá ampliar e consolidar a capacidade innovadora da empresa.

As actividades do plan desenvolveranse ao longo dun ano como mínimo e máximo dende a data de presentación da solicitude ata o 30 de novembro de 2020.

### Informe Innobench

As empresas solicitantes terán que presentar o informe Innobench, estudo gratuito e personalizado que permitirá coñecer o punto de partida da empresa en materia de innovación.

(<http://www.zfv.es/innobench/>)

### Actividades subvencionables

**A) Actividades de innovación:** Estudos de novos produtos ou servizos innovadores, asesoramento en innovación, protección industrial ou intelectual, ...

**B) Innovación en materia de procesos:** Solucións innovadoras que melloren a produción ou novas metodoloxías.

**C) Innovación en materia de organización:** Cambios e/ou ideas innovadoras que incidan positivamente na funcionamento interno da empresa, prácticas comerciais, metodoloxías...



## CONTÍA DA AXUDA E PAGAMENTO

A axuda terá unha intensidade máxima do 50 % do orzamento subvencionable, cos seguintes límites distribuídos en dúas anualidades:

Ozamento total (mínimo - máximo)	Alcance da axuda (mínimo - máximo)
80.000 - 200.000 €	40.000 - 100.000 €

• **1ª anualidade:** dende a data de presentación da solicitude ata o 30 de novembro de 2019.

• **2ª anualidade:** dende o 1 de decembro de 2019 ata o 30 de novembro de 2020.

O pago de cada anualidade farase efectivo unha vez que se comprobe a correcta xustificación da execución do plan de innovación. Poderanse solicitar anticipo do 50 % do importe da axuda de cada anualidade.

### Gastos subvencionables

As axudas financiarán como máximo o 50% dos custos de realización dos plans de innovación a executar.

A axuda ten efecto **incentivador** e só se admitirán gastos realizados dende a data de presentación da solicitude.

Levarase unha contabilidade separada, consideraranse gastos subvencionables só os custos directos que se deriven directamente das actividades do plan.

### A) Para actividades de innovación:

1. **Custos de obtención**, validación e defensa de patentes e outros activos inmateriais, etc.

2. **Custos derivados da incorporación** temporal de expertos altamente cualificados.

3. **Custos de servizos de asesoramento** e apoio en materia de innovación.

### B) Para innovación en materia de procesos e organización:

1. **Custos de personal propio** ata un 50% do custo elixible subvencionable total do plan. Queda excluído o persoal directivo e xerencial, a excepción das micropemes onde poderán ter unha adicación máxima do 30%.

*O persoal de nova contratación deberá adicarse exclusivamente ao plan de innovación e non ter vinculación laboral coa empresa nos 6 meses anteriores ao contrato.*

2. **Custos de equipamento e material** instrumental de nova adquisición.

3. **Custos de adquisición de licenzas** de propiedade industrial.

4. **Custos de material, subministros e produtos similares.**

Se permitirá a subcontratación de actividades do plan hasta un máximo de 50% do importe subvencionable elegible.

## PRINCIPAIS NOVIDADES



☆ **Adáptanse os importes mínimos e máximos.**

☆ **Primaranse aquelas empresas que necesitan realmente un plan para mellorar a capacidade innovadora:** microempresas, iniciativas emprendedoras, non ter nos últimos 3 anos axudas á innovación, etc.

☆ **Posibilidade de solicitar o anticipo** de ata o 50% da axuda en cada anualidade.

☆ **Valoración de perfís específicos** do persoal a contratar.



## OUTRAS ESPECIFICACIÓNS

Esta axuda está cofinanciada polo **Programa operativo Feder Galicia 2014-2020** da Unión Europea - "Unha maneira de facer Europa".

Esta convocatoria resolverase en réxime de **concorrenza competitiva**.

Adicionalmente as entidades beneficiarias poderán solicitar acompañamento financeiro posterior para a comercialización e industrialización da innovación a través dos fondos de capital risco vinculados á innovación e xestionados por Xesgalicia, IFI, e Re-acciona.